

**PLAN DE IGUALDADE**

**CEIP MARQUESA DO PAZO DA MERCÉ**

**(AS NEVES)**

**CURSO 2020 - 2021**

# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

JUSTIFICACIÓN.

OBJETIVOS

EQUIPO

ACTIVIDADES

CONCLUSIÓN

## INTRODUCCIÓN

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización das persoas. Innegable é tamén a súa incidencia no desenvolvemento integral do alumnado e na construción da súa identidade. Familia e escola son dous axentes primordiais que condicionan, cambian ou perpetúan formas de pensamento e de acción social. Familia e escola son constructores de cultura.

As nais e os pais, xunto co profesorado, son decisivos na transmisión de valores. O respecto, a tolerancia, a igualdade entre homes e mulleres, son valores que deben inculcarse e favorecerse desde os primeiros anos de vida.

Tendo en conta que a familia e a escola proporcionan modelos de conduta, non é de estrañar que a sociedade demande a toda a comunidade educativa actividades que promovan a igualdade, o respecto mutuo, a colaboración e o traballo en común. E debemos ter presente, como educadores, que as diferenzas entre sexos son enriquecedoras e que a igualdade non consiste na eliminación das diferenzas sinon na eliminación de toda discriminación que xurda desas diferenzas.

Este PLAN DE IGUALDADE ten un carácter transversal, pode ser abordado desde calquer ámbito, desde calquera materia, no desenvolvemento de todas as actividades que levemos a cabo na escola. E debemos partir dun principio básico: entendemos a igualdade como unha relación de equivalenza onde todas as persoas teñen o mesmo valor e por iso son iguais.

Por todo o dito anteriormente, o lema do noso plan é

**“A IGUALDADE ADMITE DIFERENZAS PERO NON DESIGUALDADES”.**

## XUSTIFICACIÓN

A igualdade entre homes e mulleres é un dereito recollido na lexislación vixente: (Artículo 1.1 da Constitución Española).

O obxectivo fundamental da educación é proporcionar ao alumnado unha formación integral que lle permita desenvolver a súa identidade propia. E este obxectivo só se pode acadar desde a coeducación e a promoción de valores como o respecto, a colaboración, a importancia das diferenzas entre as persoas...

## OBXECTIVOS.

- Favorecer a coeducación no centro e, na medida do posible, facela extensiva ás familias.
- Promover o desenvolvemento de valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre nenos e nenas.
- Fomentar valores, actitudes e prácticas que favorezan a aceptación e cumprimento das normas de convivencia.
- Inculcar o respecto á diversidade.
- Transmitir unha forma de vida exenta de prexuízos e de estereotipos sexistas.
- Contrarrestar o efecto das mensaxes non igualitarias que, en moitas ocasións, transmiten discriminación e fomento de estereotipos sexistas.
- Favorecer un clima de convivencia baseado na responsabilidade e na ausencia de diferenzas.
- Capacitar para que elixan as súas opcións na vida (xogos, espazos, compañeiros...) sin condicionamentos de sexo.
- Tratar por igual a nenos e nenas, profesores e profesoras, pais e nais.
- Traballar desde todas as áreas os conceptos de igualdade e coeducación.
- Desenvolver actividades que favorezan a cooperación e o traballo en equipo.
- Incidir na mellora das relacións interpersoais do alumnado.
- Ser exemplo de aceptación das diferenzas, e modelo a seguir para o noso alumnado no que a valores se refire.

- Empregar dinámicas de grupo que favorezan as realcións e o traballo entre nenos e nenas.
- Coidar a linguaxe, evitando expresións sexistas e/ou discriminatorias.

## EQUIPO

Para levar a cabo este PLAN DE IGUALDADE, contamos co seguinte equipo:

- Jélica Lorenzo Cames, mestra de E. Infantil.
- Isabel Vázquez González, mestra de 2º de E. Primaria.
- Raquel Rodríguez Fernández, Orientadora.
- Vicenta Ballesteros Portela, mestra de Relixión.
- M<sup>a</sup> Dolores Barbeito Lorenzo, mestra de 3º de E. Primaria e Xefa de Estudos.

## ACTIVIDADES

25 novembro: Día Internacional Contra a Violencia de Xénero

10 decembro: Día Internacional dos Dereitos Humanos

30 xaneiro: Día da Paz

8 marzo: Día da Muller Traballadora

## CONCLUSIÓN

Como mestres, e educadores, non debemos obviar o importante rol que temos na sociedade, debemos compensar desigualdades e, entre elas, as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir negativamente no desenvolvemento dos nenos e das nenas desde os seus primeiros anos.

Coñecedores da importancia da nosa labor educativa, e a confianza que as familias, e a sociedade en xeral, deposita no noso traballo, elaboramos este plan de igualdade coa esperanza de contribuir a unha sociedade libre de diferenzas e chea de oportunidades para todos e todas.